

**ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A REALIZACIÓN DO 2º EXERCICIO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO OPOSICIÓN DE 6 PRAZAS DE PEON DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)**

En Melide, a 23 de xuño do 2026, sendo as 10.15 horas, reúnense baixo a presidencia de Juan Carlos Curros Vázquez, os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constituíu para a realización do segundo exercicio para 6 PRAZAS DE PEON DE BRIGADA PARA O CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

**Presidente:** Juan Carlos Curros Vázquez  
**Secretaria:** Mª José Enjamio Vázquez  
**Vogal:** Marta María Castro Tato  
Mª José Ferro Gómez  
Sylvia Cea Vázquez



O presidente declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á: REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO QUE CONSISTE NUNHA PROBA ORAL

1. "Atópase traballando na extinción dun incendio na parroquia de San Salvador. Se o xefe de brigada lle ordena replegarse cara ao límite oeste do concello de Melide para defender unha zona de vivendas, que concello limítrofe atópase nesa dirección e a que Distrito Forestal pertence a nosa zona de actuación?"
2. "Durante os traballos de apertura dunha liña de defensa a pleno sol, un compañeiro da brigada comeza a marearse, respira moi rápido, ten a pel quente e seca, e deixa de suar. Que lle está sucedendo, que protocolo de actuación (PAS) debe aplicar e que primeiros auxilios lle prestaría?"
3. "O xefe de brigada ordénalle realizar un ataque directo sobre a cola dun incendio forestal que queima matogueira baixa. Que ferramentas manuais ou mecánicas utilizaría, como actuaría sobre o triángulo do lume e que medidas de seguridade persoal debe adoptar ao usar esa ferramenta?"
4. *Experiencia profesional relacionada co posto de traballo e interese pola praza a que se opta.*

PUNTUACIÓN DE:	TOTAL
1. ADRIÁN P. C	2,00
2. ALEJANDRO P. V	NON PRESENTADO
3. ANXO S.V	3,60
4. BORJA G.M	3,80
5. BRAIS M.P	3,00
6. DANIEL C.C.	NON PRESENTADO
7. DANIEL G.S	2,00

8. DAVID I.S	2,00
9. HUGO M.D	2,00
10. JESUS C.S	3,90
11. MANUEL S.L	NON PRESENTADO
12. MARIA BEATRIZ M.S	3,50
13. MOHAMED REDA D.A	3,00
14. TANIA MARIA C.V.	NON PRESENTADA

Este tribunal concede un prazo de 2 días hábiles para posibles reclamacións por parte dos aspirantes.

Convócase á comisión seleccionadora e aos aspirantes que superaron o 2º exercicio da fase de oposición para a realización da proba de galego o venres 26 de xuño de 2026 ás 10.00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo o presidente que se redacte a presente acta que asinan os membros sendo as 12:48 do que eu, SECRETARIA, certifico.

Melide, 23 de xuño de 2026  
A comisión seleccionadora.

